



Central Unitaria de Traballadores/as



10 DE MARZO, A CLASE OBREIRA GALEGA EN PE

Daniel e Amador, mortos polo fascismo en 1972, son parte da nosa memoria colectiva, son parte da nosa historia; unha historia que espera polo noso protagonismo. Hoxe chamamos por eles para sermos conscientes da nosa capacidade como pobo, para sermos conscientes de que o pobo traballador galego é quen de afrontar as circunstancias máis adversas con determinación e combatividade.

O 10 de marzo representa un capital simbólico que debemos levar á práctica pois, hoxe máis que nunca, as circunstancias ás que nos enfrontamos como pobo traballador e como pobo colonizado reclaman a nosa intelixencia e contundencia na loita.

A crise capitalista non o é só dun sistema económico, senón que estamos a falar da crise de todos os cimentos deste sistema: economía, política, cultura, sociedade... en definitiva falamos da crise da estrutura e da superestrutura, da fin da orde establecida no século XIX. Ante este contexto só caben dúas saídas, ou ben pelexamos por facernos donos da nosa historia ou ben deixamos que sexan eles quen decida por nós.

Dende a CUT facemos un chamamento a toda a clase obreira galega para que se organice sindicalmente e dea un paso cara adiante, só así seremos quen de poñer freo a unha situación que está indo cara peor. Os partidos políticos, xestores do capitalismo parlamentario, non teñen outra intención que por encol da mesa medidas que garantan o dominio do sistema económico que enche os seus bandullos; e nese camiño contan cos medios de (des)comunicación, cos sindicatos mantidos e pagados por eles, coa banca, coa patronal, co Estado e as súas forzas represoras... contan con todos os medios excepto un polo co devecen: A NOSA SUMISIÓN.

Nas nosas mans está ceder ou exercer a nosa liberdade comprometéndonos na loita, comprometéndonos na defensa e mellora dos nosos dereitos e comprometéndonos na defensa da nosa terra. Non podemos ficar indiferentes mentres no estado español desfán a nosa identidade social, económica e cultural; non podemos agardar nada do capitalismo nin de España pois só traen precariedade laboral, discriminación laboral para os mozos e con máis incidencia nas mozas, paro, desigualdades, destrución dos nosos sectores produtivos, xenocidio cultural...

O 10 de marzo saíremos as rúas para dicir que non estamos dispostos e dispostas a traizoar o legado histórico de Daniel e Amador, que non foi outro que a loita polos dereitos da clase obreira galega.

VIVA O 10 DE MARZO, VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA EN PE!!!